

## EXPOSICIÓN PÚBLICA APROBACIÓN PADRÓNS FISCAIS S.A.F. MAIO 2024

Por acordo da X.G.L de data 19/06/2024 aprobáronse os padróns fiscais do mes de maio de 2024 correspondentes ao prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar para as dúas modalidades: dependencia e libre concorrencia, por importes respectivos 2.615,99€ e 594,67€.

Os devanditos padróns expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, que tamén se publicará no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, para que os/as interesados/as poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes.

Así mesmo, mediante este anuncio notificáanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación .

Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose. Asemade poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o día seguinte ao da data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local anteriormente indicada, e transcorrido este procederáse a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes contribuíntes entre os días 10 e 12 de xullo de 2024.

Monfero, 20 de xuño de 2024

O Alcalde

Andrés Feal Varela.